Proxecto lector

Data aprobación: ***16/09/2009***

Data última versión: ***15/06/2017***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

ÍNDICE XERAL

1. ANÁLISE DO CONTEXTO. 2

2. XUSTIFICACIÓN. 4

3. OBXECTIVOS. 6

4. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN. 7

5. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR. 8

5.1. RECURSOS. 8

5.1.1. Biblioteca escolar. 8

5.1.2. Bibliotecas de aula. 9

5.1.3. Materiais dos departamentos. 9

5.1.4. Aulas de informática. 9

5.1.5. Biblioteca pública municipal. 9

5.1.6. Outros. 10

5.2. METODOLOXÍA. 11

5.3. ACTIVIDADES. 13

5.3.1. Actividades ordinarias. 13

5.3.1.1. Promoción da lectura. 13

5.3.1.2. Animación á lectura. 14

5.3.1.3. Educación documental. 15

5.3.2. Actividades complementarias. 16

5.3.2.1. Formación de usuarios da biblioteca. 16

5.3.2.2. Conmemoracións e efemérides. 16

5.3.2.3. Visitas de persoeiros (escritores, matemáticos, científicos, contacontos, ...). 16

5.3.2.4. Semanas didácticas. 16

5.3.2.5. Actividades de produción propia. 17

5.3.3. Actividades extraordinarias. 17

6. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE. 18

ANEXO I: RESULTADOS DA SONDAXE SOBRE HÁBITOS LECTORES. 20

ANEXO II: PROBAS DE AVALIACIÓN DE HABILIDADE E COMPETENCIA LECTORA. 28

ANEXO III: DOCUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR. 29

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.

A elaboración do presente proxecto esixe analizar a situación dos hábitos de lectura dentro da vida diaria de toda a comunidade educativa, e para isto realizáronse unhas sondaxes cuxos resultados se mostran como anexo I a este documento.

O número de sondaxes realizadas foi o seguinte:

Colectivo	Número de respostas
Alumnado de 1º - 2º de E.S.O.	104
Alumnado de 3º - 4º de E.S.O.	107
Alumnado de Bacharelato	54
Profesorado	32
Persoal non docente	6
Pais/nais	214

Dos resultados das sondaxes pódense obter as seguintes conclusións xerais:

- Respecto aos hábitos de lectura os adultos (profesores, persoal non docente e pais/nais) adoitan ler máis que o alumnado. Chama a atención que un 15% do alumnado de 3º e 4º de E.S.O. afirme non ler nunca, nembargante un 4% do mesmo grupo le máis de 30 libros ao ano.

- En canto a cantidade de libros a maioría di ler entre 5 e 15 libros ao ano. O último libro lido corresponde maioritariamente a literatura. Unha porcentaxe significativa do persoal non docente e do profesorado leu como último libro un de literatura infantil-xuvenil.

- O xénero narrativo preferido polo alumnado é o de intriga e terror, e nos adultos as novelas de aventuras é históricas.

- O idioma habitual das lecturas é sobre todo o castelán, pero no alumnado o galego e o castelán están máis equilibrados.

- Case nun 80% do alumnado a lectura está motivada polo estudo mentres que nun 60% aproximado dos adultos é por pasatempo.

- Preguntados se len máis ou menos que antes, o alumnado di ler máis mentres que os adultos len menos. Nas vacacións os adultos aproveitan para ler máis porque dispoñen de máis tempo, o alumnado de E.S.O. le máis durante o curso e o de Bacharelato mantén o mesmo índice de lectura.

- O 30% do alumnado de Bacharelato afirma non ler porque non lle gusta, e na E.S.O. porque prefiren facer outras cousas ou non teñen tempo.

- Aproximadamente un 60% do alumnado e un 50% do profesorado comprou o último libro que leu, e tan só aproximadamente un 10% da comunidade educativa o colleu na biblioteca.

- O alumnado elixe as súas lecturas na maioría dos casos aconsellado polo profesorado, e o profesorado déixase aconsellar pola prensa, a radio, a televisión e internet.

- A maioría do alumnado di ter na súa casa entre 50-100 libros, e o profesorado máis de 200.

- O profesorado le habitualmente diarios e libros, mentres que o alumnado maioritariamente le en primeiro lugar a prensa deportiva e logo libros.

- En canto ao uso da biblioteca escolar a maioría faino algunha vez ao mes, aínda que o alumnado de Bacharelato a utiliza con menos frecuencia.

- O 30% dos usuarios da biblioteca, agás nais/pais e alumnos/as de 1º de E.S.O., levan libros en préstamo. Destaca a alta porcentaxe de alumnado de 1º de E.S.O. que fan uso dos ordenadores no tempo de lecer, tamén hai alumnos/as que realizan traballos ou outras actividades nela.

2. XUSTIFICACIÓN.

O colectivo docente debe estar convencido de que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua xa que afecta á comprensión das explicacións e o significado dos textos escritos.

O ***proxecto lector*** debe establecer unha serie de elementos comúns para todas as materias que, despois, adaptarán os distintos departamentos didácticos para establecer os obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.

O proxecto lector debe aprobarse por consenso e debe basearse no fomento de boas prácticas lectoras na tarefa cotiá de profesores/as e alumnos/as.

Por todo iso**, os profesores e as profesoras** do I.E.S. Lama das Quendas:

1.- Asumimos o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda a aprendizaxe, para mellorar a expresión oral e escrita e como principio para construír o espírito crítico, necesario para o crecemento persoal do alumnado.

2.- Deseñaremos e integraremos as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás características e necesidades de cada materia.

3.- Traballaremos a comprensión lectora conxuntamente coa escritura e a expresión oral.

4.- Trataremos de implicar ás familias no obxectivo de elevar a competencia lectora dos seus fillos e fillas, informándolles do contido do noso *proxecto lector* e pedindo a súa colaboración.

4.- Empregaremos todos os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do *proxecto lector* asumindo que a Biblioteca escolar do centro debe ser o punto dinamizador deses recursos, que ten que poñer a disposición de toda a comunidade educativa.

Entendemos que a lectura pode ser traballada de moi diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co/coa profesor/a ou co/coa alumno/a de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc...

O equipo directivo e o **consello escolar** do I.E.S. Lama das Quendas:

1.- Asumirán o *proxecto lector* como tarefa primordial en cada curso escolar, facilitando os recursos humanos e materiais de que se poidan dispoñer.

2.- Invitará ás toda a comunidade educativa a colaborar coas actividades do *proxecto lector* no centro e a incentivar a lectura dos seus fillos e fillas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica do I.E.S. Lama das Quendas:

1.- Será informada de calquera decisión que se tome ao respecto do *proxecto lector*, e ela, á súa vez, comprométese a transmitir toda esta información aos equipos dos departamentos didácticos e ao equipo de Normalización Lingüística.

O equipo da Biblioteca escolar do I.E.S. Lama das Quendas:

1.- Comprométese a proporcionarlles aos departamentos didácticos diversos materiais educativos, teóricos e prácticos encamiñados á inclusión das actividades de fomento da lectura nas distintas programacións.

2.- Colaborará activamente nas actividades de fomento da lectura que se programen polos departamentos didácticos e organizará a súa vez outras por iniciativa propia.

3.- Levará a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara a unha maior autonomía do alumnado na busca de información e para un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos do proxecto lector do noso centro serán:

1.- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.

2.- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.

3.- Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.

4.- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.

5.- Organizar espazos e tempos para a lectura.

6.- Favorecer o coñecemento da lingua na súa función estética (xéneros e recursos literarios) para espertar o gusto pola literatura, necesaria para unha formación humanística e para o desenvolvemento da competencia cultural.

7.- Implicar ás familias e ás institucións públicas e privadas no proxecto lector.

8.- Espertar en toda a comunidade o gusto e a necesidade de ler.

4. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN.

O proxecto lector é o marco de referencia para o plan anual de lectura dos distintos departamentos didácticos. Compete aos departamentos, biblioteca, club de lectura, etc..., a concreción nas súas programacións dos obxectivos, actividades (temporalizadas), o tempo diario dedicado á lectura, as prácticas de comprensión lectora e a metodoloxía que se empregará.

Para que o *proxecto lector* funcione precisa un seguimento que permita poder ver os avances e dificultades na súa posta en marcha nos plans anuais de lectura, e por iso precísase a colaboración de todos/as. Pedirase que o profesorado, a través dos departamentos, cumprimenten unhas táboas informativas que aparecen no Anexo III deste proxecto. Poñeranse en común as conclusións nunha Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) e, se é pertinente (implica variacións fundamentais no proxecto lector aprobado) levaranse a un claustro de profesores/as. Con esa información realizarase a avaliación anual.

A persoa coordinadora do proxecto lector será preferiblemente o/a responsable da biblioteca escolar, que contará coa axuda do equipo da biblioteca.

5. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

5.1. RECURSOS.

5.1.1. Biblioteca escolar.

A biblioteca escolar debe ser un elemento imprescindible no deseño e desenvolvemento do proxecto lector. Para que sexa un verdadeiro centro de información, formación e recursos e eixo do currículo, que se empregue como un dinamizador da vida académica e cultural do centro e que sirva como compensadora das diferenzas, ten que contar cos materiais e fondos axeitados. Grazas ao ***Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares*** da Xunta de Galiza no que estamos incluídos e ao traballo continuado destes últimos cursos a nosa biblioteca escolar conta cuns 7.000 volumes aproximadamente en variados soportes (libros, DVD, CD), clasificados segundo a CDU e tratados informaticamente co programa Meiga, para a xestión de bibliotecas, que empregan a maioría de bibliotecas municipais e escolares galegas e que nos permite estar en rede con todas elas. Ademais contamos con dez equipos informáticos para o acceso ao catálogo e a busca e tratamento da información aos que pode acceder calquera membro da comunidade educativa, e outro equipo para a xestión da biblioteca que só poderán utilizar os membros do equipo da biblioteca. Todos os materiais están a disposición dos usuarios.

Conta cunha zona de lectura informal para prensa, revistas ou para aqueles lectores que queiran ter unha lectura recreativa ou de lecer. Tamén conta con mesas para o estudo con trinta postos de traballo, unha mesa ao lado da zona de consulta e expositores para prensa e revista e para as novidades ou os *centros de interese*.

Pero para poder seguir sendo un verdadeiro centro de recursos para todas as materias e todas as áreas e poidan ser realizadas as melloras que unha avaliación continuada das nosas funcións e dotacións esixan é preciso que se garantan:

a) Un orzamento mínimo para mantemento, provisión de fondos bibliográficos e materiais, que será xestionado polo equipo da biblioteca co asesoramento dos distintos departamentos e que debería ser entre un cinco e un dez por cento do presuposto do centro.

b) Os recursos humanos necesarios para que a biblioteca funcione: un responsable da biblioteca escolar e un equipo coa formación e dedicación horaria suficiente para a súa xestión e atención.

5.1.2. Bibliotecas de aula.

A súa rapidez e proximidade ten a vantaxe de cubrir as necesidades de ler e aprender do alumnado, e pode ser un elemento metodolóxico integrado no currículo ademais de conducir ao alumnado á creación dunha biblioteca persoal (obxectivo último do proxecto lector). Pero no noso centro a biblioteca de aula ten creado problemas porque o grao de responsabilidade dalgúns/dalgunhas alumnos/as non permiten o seu funcionamento continuado durante o curso (salvo nas aulas de diversificación curricular) polo que de momento só pensamos nunha biblioteca de aula temporal e específica para algunha actividade en concreto. A longo prazo é obxectivo do proxecto lector a creación de bibliotecas de aula estables xestionadas polo propio alumnado desa aula.

5.1.3. Materiais dos departamentos.

Os fondos documentais (impresos ou audiovisuais) dos departamentos didácticos, dado que son fondos do centro, estarán rexistrados a través do programa Meiga facendo constar a súa localización. Tales fondos serán xestionados polos respectivos departamentos seguindo as súas normas internas. En caso de baixa o departamento comprométese a comunicalo á biblioteca para o rexistro da mesma.

5.1.4. Aulas de informática.

O centro conta cunha aula específica de informática e outra multimedia con 28 equipos en rede con conexión a Internet (e tamén WIFI) o cal permitirá utilizalas como recurso de *acceso á información* na rede ou en soporte informático. O uso das novas tecnoloxías é considerado no noso proxecto lector e no proxecto educativo do centro (P.E.C.) como fundamental para que o noso alumnado estea preparado para un novo xeito de formarse e de acceder ao mundo laboral.

5.1.5. Biblioteca pública municipal.

A Biblioteca Pública Municipal de Chantada, "Xohán de Requeixo", está aberta ao público desde xullo de 1968, e desde esa data cambiou de localización atopándose na actualidade na Casa da Cultura de Chantada, dividido os seus fondos en tres salas debido ao pouco espazo co que conta a casa. Existe unha sala infantil onde se pode atopar un amplo fondo de libros infantís e xuvenís,

ademais de libros de consulta e unha sección multimedia. Noutra sala de adultos está todo o fondo en galego e as novidades de castelán, así como a prensa e as publicacións periódicas. Por último, nunha terceira sala que se emprega tamén para actividades diversas, encóntranse o resto dos fondos.

En toda a casa hai conexión WIFI, para que os usuarios se poidan conectar a internet, ademais de ter ordenadores de uso público, escáner e impresora. Na actualidade hai un fondo duns 8.000 volumes, aínda que informatizados neste momento están 6.600. Utilízase o programa Meiga, podéndose acceder ao catálogo a través de internet con tódalas posibilidades que isto supón.

A biblioteca é de uso público cos servizos de consulta en sala e préstamo a domicilio para o que é necesario ter un carné de socio. Durante o ano organízanse distintas actividades coincidindo con datas sinaladas, ademais das vacacións de verán e Nadal, onde se fai unha aposta polas actividades para os máis pequenos cuns resultados moi bos, posto que a gran maioría dos rapaces asistentes convértense en usuarios habituais para préstamo a domicilio.

Todos os anos inténtase ter unha relación cos centros de ensino para obter o listado de libros de lectura recomendados de maneira que os rapaces poidan coller tamén os libros nesta biblioteca

5.1.6. Outros.

A biblioteca escolar e a biblioteca de aula deben servir como factor de compensación social, pero nos casos en que sexa posible, é aspiración do proxecto lector a creación dunha biblioteca persoal por parte dos membros da comunidade educativa.

Ademais, poderá empregarse calquera recurso público ou privado (doazóns, préstamos de materiais doutras institucións, recursos persoais dos membros da comunidade educativa ou dos colaboradores externos, etc...) do que sexa posible dispoñer, para o desenvolvemento de cada actividade.

5.2. METODOLOXÍA.

1.- Análise dos problemas atopados na aprendizaxe da lectoescritura e nas prácticas de lectura.

- Problemas para manter a atención que obstaculiza o seguimento do lido e a súa boa comprensión.

- Limitacións léxicas e percepción das frases como segmentos inarticulados, independentes, que se derivan dunha lectura non continuada.

- Propensión a fixarse só na anécdota que imposibilita a correcta detección de informacións relevantes.

- Excesivo apego á acción (ao *que vai suceder?)* e rexeitamento que ás veces provocan os fragmentos nos que a acción se detén: reflexións, digresións, descricións, etc...

- Gusto polo estilo directo e coloquial, que simplifique a lectura.

- Escaso desenvolvemento da autonomía lectora e do pensamento crítico.

2.- Unificación de conceptos básicos sobre o proceso de lectura, comprensión lectora e o tratamento da lingua escrita en xeral.

Defínese a ***competencia lectora*** como a capacidade de comprender, utilizar e analizar textos escritos para alcanzar os obxectivos do lector, desenvolver os seus coñecementos e posibilidades e participar na sociedade (O.C.D.E., 2006).

Este concepto parte dunha posta en común sobre a evolución da práctica de lectoescritura. Isto supón planificar entre todos e recoller nas programacións dos distintos departamentos propostas de traballo en todos os niveis que procuren a mellora na práctica e comprensión lectora do alumnado

Algúns dos procesos implicados na competencia lectora son os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).

- Obter información (capacidade para extraer información do texto).

- ❑ Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).

- ❑ Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).

- ❑ Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

3.- Ensinanza de estratexias de lectura e comprensión lectora.

O proxecto lector pretende:

a) Acadar unha lectura consciente e activa o que implica tres fases:

- *Antes de ler* o alumno/a debe saber por que está lendo o texto e que trata de sacar del, fixándose na estrutura e relacionándoo cos seus coñecementos previos.

- *Durante a lectura* o alumnado debe determinar as palabras descoñecidas para tratar de deducilas ou buscalas nun dicionario e relacionar as distintas ideas que se atopan no texto.

- *Despois de ler* o alumnado debe reafirmar as ideas importantes ou elaborar un resumo do texto para asegurarse de recordalas, reflexionando sobre o seu significado.

b) Mudar as prácticas lectoras negativas, mediante unha serie de estratexias:

- Animar a que se pregunte cando algo non se entende e a que se argumenten impresións.

- Verificar sistematicamente se se comprende o lido en voz alta e deterse no vocabulario que os/as alumnos/as descoñezan.

- Adaptar entre todos certas frases ou parágrafos a unha linguaxe que os estudantes dominen utilizando dicionarios.

- Relacionar a lectura con experiencias e coñecementos dos estudantes para, entre todos, distinguir as ideas principais das secundarias.

- Realizar conxuntamente sinxelos esquemas e resumos do argumento ou da tese que se infira do texto.

- Realizar ilustracións sobre os textos e converter en diálogos ou entrevistas, breves rexistros de pensamento dos personaxes ou reflexións do narrador.

- Traballar aqueles textos ou fragmentos que se consideren máis dificultosos para desmenuzalos na aula facendo preguntas dirixidas e concretas.

c) Que a ***porcentaxe dedicada á lectura*** tutelada na E.S.O. sexa gradual indo de máis a menos a medida que promocionan de curso. En Bacharelato, nas actividades de aula dos distintos departamentos, non se debe esquecer esta lectura tutelada e ten que recollerse nas súas programacións.

5.3. ACTIVIDADES.

5.3.1. Actividades ordinarias.

5.3.1.1. Promoción da lectura.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluirá nas súas programacións didácticas actividades para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

A biblioteca só se poderá utilizar como espazo de lectura no caso de que fose reservada con tempo na folla correspondente habilitada para tal fin no taboleiro do exterior da biblioteca. É importante que o alumnado dispoña do libro ou documento con anterioridade a cada sesión xa que resultaría imposible facer o préstamo na biblioteca nesa hora, ben polo número de alumnado, ben porque non haxa profesorado de garda na biblioteca.

5.3.1.2. Animación á lectura.

a) Plan de lecturas curriculares.

Lectura de obras e textos que complementan o currículo das distintas materias ou áreas e que deberán especificarse na respectivas programacións didácticas. Os departamentos teñen a obriga de reflectir en ditas programacións o tempo dedicado a lectura nos períodos lectivos de cada materia.

b) Titorías pola lectura.

Unha parte do horario de titorías dedicarase a desenvolver a competencia lectora. A selección dos textos realizarase nas reunións de titores aportando as suxestións do alumnado, do resto do profesorado ou de calquera membro da comunidade educativa.

c) Gardas pola lectura.

O profesorado de garda fomentará a lectura voluntaria do alumnado. Con esta actividade trátase ademais de que o alumnado se acostume a levar sempre un libro na mochila e a ler diariamente.

d) Club de lectura.

Reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria lida previamente. Estes clubs están abertos a toda a comunidade educativa. O profesorado encargado disporá dun período no seu horario lectivo para a súa coordinación.

e) Mochilas viaxeiras.

Trátase de acercar a biblioteca á nosa comunidade educativa sacando o material da sala e levándoo ás familias para reforzar o vínculo entre a familia e a escola.

f) Panel "Os meus libros preferidos".

Elaboración dun panel onde se recollerán as preferencias do alumnado. Deberán incluír o título, autor, xénero e opinións sobre os mesmos.

g) Centros de interese.

Aproveitando calquera das actividades ordinarias, complementarias e extraordinarias propostas polos distintos departamentos exporanse no *centro de interese* da biblioteca o material dispoñible no centro relacionado coa actividade. Tamén se poderán facer exposicións temporais nas aulas ou noutros espazos seleccionados polos responsables da organización da actividade ou celebración que se consideren axeitados.

5.3.1.3. Educación documental.

a) Traballos de investigación.

Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo.

b) Glosario de termos específicos.

Elaboración dun vocabulario específico para a aula de cada materia. Nun caderno iranse anotando os diferentes termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

c) Técnicas de estudo.

Trátase de actividades que fomenten a concentración, a motivación, a comunicación oral e escrita, a lectura veloz, a comprensión de textos, o aumento do vocabulario e o desenvolvemento da memoria, do pensamento e da intelixencia.

5.3.2. Actividades complementarias.

5.3.2.1. Formación de usuarios da biblioteca.

Programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo

5.3.2.2. Conmemoracións e efemérides.

Co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar de cada curso académico, programaranse actividades relacionadas con ditas conmemoracións.

5.3.2.3. Visitas de persoeiros (escritores, matemáticos, científicos, contacontos, ...).

Recepción no centro dun escritor, matemático, científico, etc... Na biblioteca organizarase un punto de lectura para achegar á comunidade educativa o persoeiro que nos visita.

5.3.2.4. Semanas didácticas.

- Semana da prensa.
- Semana da poesía.
- Semana da ciencia (física, química, matemáticas, bioloxía, etc...).
- Semana do deporte.
- Semana da música.
- Semana da ...

5.3.2.5. Actividades de produción propia.

a) Redactores web.

Un grupo de alumnos/as coordinados por un docente traballan para colgar información na páxina do centro no apartado de alumnado. Pódese traballar a partires de blogs temáticos (blog do club de lectura ou blog dos usuarios da biblioteca, ou dalgún departamento didáctico).

b) Os nosos creadores.

Crear un buzón no que se recolleran as creacións ou traballos do noso alumnado. A participación pode ser libre (tempo, tema, ...) ou pode ser fixada ben por un concurso (por exemplo, poemas sobre o outono), ou como resultado doutras actividades realizadas (por exemplo, San Valentín-publicar a carta gañadora). Este material irase recollendo na páxina web do centro.

c) Revista escolar.

Elaboración dunha revista escolar por parte dun grupo de alumnos/as interesados pola redacción e o periodismo coordinados por un docente.

d) Informes de prensa.

Recompilación de material aparecido na prensa relacionado con algún tema, autor ou materia sobre a que se estea traballando no noso centro.

5.3.3. Actividades extraordinarias.

Cada departamento poderá programar ao longo do curso as actividades (visitas lúdico-culturais, teatro, cine, etc...) que estime de interese para fomentar a curiosidade pola lectura e para espertar no alumnado o pracer que o acto de ler e comprender pode proporcionar.

6. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE.

Irán enfocados a detectar as disfuncións que se produzan na súa aplicación para reformalo nos cursos seguintes.

A súa utilidade radicará na análise da consecución dos obxectivos establecidos:

- Incremento dos hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Nivel de comprensión lectora do alumnado.
- Nivel de competencia na expresión oral e escrita.
- Nivel de competencia no proceso de busca de información.
- Nivel de implicación das familias e outras institucións.
- Uso da biblioteca escolar e a de aula.
- Respecto polos espazos e tempos dedicados á lectura.

Para realizar a avaliación do proxecto utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Probas de avaliación de habilidade e competencia lectora do alumnado (Anexo II).
- Grao de participación dos membros da comunidade educativa nas actividades do proxecto lector.
- Enquisas relativas á utilización da biblioteca do centro e aos hábitos de lectura.
- Memorias finais do curso.

ANEXOS

ANEXO I: RESULTADOS DA SONDAXE SOBRE HÁBITOS LECTORES.

1. Practicas a lectura no teu tempo de lecer?



	Todos ou case todos os días	Algunha vez ao mes	Case nunca	Nunca
BAC	31,48%	48,15%	12,96%	7,41%
1º-2º ESO	37,50%	40,38%	10,58%	11,54%
3º-4º ESO	25,23%	40,19%	19,63%	14,95%
PAIS-NAIS	48,13%	33,64%	14,02%	4,21%
PERSOAL NON DOCENTE	83,33%	0,00%	16,67%	0,00%
PROFESORADO	75,00%	18,75%	0,00%	6,25%

Frecuencia

2. Cantos libros liches o ano pasado?



	Ningún	Entre 1 e 5	Entre 5 e 15	Entre 15 e 30	Máis de 30
BAC	0,00%	18,52%	72,22%	7,41%	1,85%
1º-2º ESO	0,00%	35,58%	49,04%	12,50%	2,88%
3º-4º ESO	0,00%	26,17%	54,21%	15,89%	3,74%
PAIS-NAIS	1,87%	54,67%	27,10%	11,68%	4,67%
PERSOAL NON DOCENTE	0,00%	33,33%	50,00%	16,67%	0,00%
PROFESORADO	6,25%	40,63%	34,38%	18,75%	0,00%

Nº Libros

3. De que materia é o último libro que liches?



	Literatura	Libros de coñecemento	Infantil – Xuvenil	Outros
BAC	59,26%	3,70%	11,11%	25,93%
1º-2º ESO	46,15%	0,96%	42,31%	10,58%
3º-4º ESO	52,34%	0,00%	22,43%	25,23%
PAIS-NAIS	21,96%	19,16%	7,01%	51,87%
PERSOAL NON DOCENTE	16,67%	0,00%	33,33%	50,00%
PROFESORADO	43,75%	21,88%	31,25%	3,13%

Materia

4. Que xénero narrativo che gusta máis?



	Historias de intriga e terror	Ciencia ficción	Aventuras	Histórico	Romántico	Fantástico	Outros
BAC	55,56%	1,85%	16,67%	11,11%	5,56%	9,26%	0,00%
1º-2º ESO	41,35%	11,54%	38,46%	0,96%	4,81%	2,88%	0,00%
3º-4º ESO	44,86%	8,41%	29,91%	3,74%	8,41%	4,67%	0,00%
PAIS-NAIS	15,42%	4,67%	29,44%	24,77%	20,09%	3,27%	2,34%
PERSOAL NON DOCENTE	0,00%	0,00%	66,67%	33,33%	0,00%	0,00%	0,00%
PROFESORADO	21,88%	6,25%	18,75%	25,00%	3,13%	3,13%	21,88%

Xénero narrativo

5. Cal é o teu idioma habitual de lectura?



	Galego	Castelán	Máis en galego	Máis en castelán
BAC	16,67%	25,93%	14,81%	42,59%
1º-2º ESO	20,19%	35,58%	6,73%	37,50%
3º-4º ESO	23,36%	38,32%	11,21%	27,10%
PAIS-NAIS	16,34%	47,52%	9,90%	26,24%
PERSOAL NON DOCENTE	16,67%	33,33%	16,67%	33,33%
PROFESORADO	3,13%	37,50%	9,38%	50,00%

Idioma habitual lectura

6. Por cal dos seguintes motivos liches o último libro?



	Pasatempo	Estudos	Consulta	Mellora do nivel cultural	Outros
BAC	16,67%	79,63%	1,85%	1,85%	0,00%
1º-2º ESO	19,23%	75,96%	0,96%	3,85%	0,00%
3º-4º ESO	16,82%	79,44%	0,93%	2,80%	0,00%
PAIS-NAIS	58,88%	10,28%	9,81%	14,02%	7,01%
PERSOAL NON DOCENTE	66,67%	16,67%	0,00%	16,67%	0,00%
PROFESORADO	68,75%	9,38%	9,38%	12,50%	0,00%

Motivos

7. Les máis ou menos que antes?



	Máis que antes	Igual que antes	Menos que antes
BAC	68,52%	11,11%	20,37%
1º-2º ESO	52,88%	36,54%	10,58%
3º-4º ESO	52,34%	35,51%	12,15%
PAIS-NAIS	19,63%	37,38%	42,99%
PERSOAL NON DOCENTE	33,33%	50,00%	16,67%
PROFESORADO	18,75%	46,88%	34,38%

Frecuencia

8. Nas vacacións, les máis ou menos?



	Máis	Igual	Menos
BAC	37,04%	16,67%	46,30%
1º-2º ESO	32,69%	18,27%	49,04%
3º-4º ESO	26,17%	17,76%	56,07%
PAIS-NAIS	25,70%	43,93%	30,37%
PERSOAL NON DOCENTE	50,00%	16,67%	33,33%
PROFESORADO	65,63%	25,00%	9,38%

Frecuencia

9. Por que non les máis?



	Non teño tempo	Prefiro facer outras cousas	Non me gusta ler	Outras razóns
BAC	25,93%	33,33%	29,63%	11,11%
1º-2º ESO	35,58%	22,12%	23,08%	19,23%
3º-4º ESO	37,38%	36,45%	18,69%	7,48%
PAIS-NAIS	74,30%	8,41%	6,07%	11,21%
PERSOAL NON DOCENTE	16,67%	16,67%	33,33%	33,33%
PROFESORADO	59,38%	18,75%	3,13%	18,75%

Motivo

10. Como chegou ás túas mans o último libro que liches?



	Compreino	Tiñao na casa	Regaláronmo	Pedino na biblioteca	Prestáronmo	Outro xeito
BAC	57,41%	14,81%	5,56%	11,11%	9,26%	1,85%
1º-2º ESO	63,46%	12,50%	1,92%	11,54%	6,73%	3,85%
3º-4º ESO	66,36%	9,35%	3,74%	9,35%	9,35%	1,87%
PAIS-NAIS	39,72%	19,63%	15,89%	3,27%	14,02%	7,48%
PERSOAL NON DOCENTE	33,33%	0,00%	16,67%	33,33%	0,00%	16,67%
PROFESORADO	53,13%	12,50%	18,75%	9,38%	6,25%	0,00%

Fonte libro

11. Polo xeral, como decides a lectura dos teus libros?



	Consello dos amigos/as	Consello do profesorado	Prensa/radio/tv /internet	Outros
BAC	18,52%	42,59%	14,81%	24,07%
1º-2º ESO	18,27%	42,31%	7,69%	31,73%
3º-4º ESO	16,82%	52,34%	8,41%	22,43%
PAIS-NAIS	18,22%	2,34%	24,30%	55,14%
PERSOAL NON DOCENTE	0,00%	16,67%	16,67%	66,67%
PROFESORADO	21,88%	0,00%	40,63%	37,50%

Motivo decisión lectura

12. Cantos libros hai na túa casa (sen contar os libros de texto)?



	Menos de 10	De 10 a 50	De 50 a 100	Máis de 200
BAC	1,85%	16,67%	53,70%	27,78%
1º-2º ESO	6,73%	28,85%	46,15%	18,27%
3º-4º ESO	1,87%	16,82%	52,34%	28,97%
PAIS-NAIS	5,14%	17,29%	53,27%	24,30%
PERSOAL NON DOCENTE	0,00%	0,00%	33,33%	66,67%
PROFESORADO	0,00%	12,50%	28,13%	59,38%

Libros na casa

13. Habitualmente les...



	Libros	Prensa deportiva	Diarios	Revistas	Nada
BAC	33,33%	37,04%	11,11%	14,81%	3,70%
1º-2º ESO	45,19%	25,00%	0,00%	25,96%	3,85%
3º-4º ESO	32,71%	25,23%	4,67%	33,64%	3,74%
PAIS-NAIS	30,37%	5,61%	31,78%	27,10%	5,14%
PERSOAL NON DOCENTE	50,00%	16,67%	33,33%	0,00%	0,00%
PROFESORADO	31,25%	3,13%	62,50%	0,00%	3,13%

Fonte lectura

14. Con que frecuencia acodes ás bibliotecas?



	Todos ou case todos os días	Unha ou dúas veces por semana	Algunha vez ao mes	Con menos frecuencia
BAC	1,85%	5,56%	31,48%	61,11%
1º-2º ESO	13,46%	20,19%	37,50%	28,85%
3º-4º ESO	11,21%	18,69%	38,32%	31,78%
PAIS-NAIS	2,34%	2,34%	12,62%	82,71%
PERSOAL NON DOCENTE	16,67%	16,67%	33,33%	33,33%
PROFESORADO	9,38%	21,88%	18,75%	50,00%

Frecuencia uso biblioteca

15. Que actividades realizas alí?



	Tomar e devolver libros en préstamo	Consulta e lectura de libros alí	Realizar traballos de clase	Uso do ordenador e internet	Lectura de xornais e revistas	Préstamo audiovisuais (dvd, vídeos)	Outras actividades	Ningunha
BAC	29,63%	12,96%	24,07%	12,96%	1,85%	1,85%	16,67%	0,00%
1º-2º ESO	14,42%	6,73%	19,23%	34,62%	3,85%	2,88%	18,27%	0,00%
3º-4º ESO	26,17%	11,21%	23,36%	22,43%	2,80%	0,93%	13,08%	0,00%
PAIS-NAIS	16,36%	10,28%	0,00%	15,89%	8,41%	0,93%	27,57%	20,56%
PERSOAL NON DOCENTE	50,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	50,00%	0,00%
PROFESORADO	34,38%	15,63%	0,00%	6,25%	9,38%	6,25%	28,13%	0,00%

Actividades na biblioteca

ANEXO II: PROBAS DE AVALIACIÓN DE HABILIDADE E COMPETENCIA LECTORA.

	AVALIACIÓN FINAL	A	B	C
ACTITUDES	Interésase polas lecturas e polo seu comentario en grupo.			
	Participa activamente nas propostas de animación.			
	Pregunta aquilo que non entende ou intenta informarse.			
	Asimila vocabulario novo e úsao con precisión.			
	Emite opinións razoadas sobre as obras lidas.			
	Consolida estratexias lectoras e o gusto pola escritura creativa.			
	Reflexiona sobre os seus puntos de vista e considera os alleos.			
	Desenvolve a sensibilidade estética.			
	Mostra capacidade crítica.			
	Utiliza autonomamente a biblioteca do centro e a de aula.			
	Domina recursos para navegar por Internet de maneira produtiva.			

A: capacidade adquirida / B: capacidade en proceso / C: capacidade en inicio

ANEXO III: DOCUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR.

COORDINADOR/A DO PROXECTO LECTOR

Para a avaliación do proxecto lector a persoa coordinadora do mesmo deberá contar cos informes iniciais e finais dos distintos departamentos didácticos, do responsable da biblioteca e do club de lectura, e coas aportacións recollidas nunha C.C.P. a finais do curso.

Nesta avaliación deberanse recoller:

1. Avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto lector.
2. Grao de concreción do proxecto lector nos plans anuais de lectura.
    - a) Dos distintos departamentos.
    - b) Do club de lectura.
    - c) Da biblioteca.
3. Análise da competencia lectora do alumnado.
    - a) Lectura expresiva.
    - b) Comprensión lectora.
    - c) Expresión oral.
    - d) Expresión escrita.
    - e) Autonomía na busca de información.
    - f) Actitude do alumno ante a lectura.
    - g) Progresión nas competencias básicas no ámbito lector.
4. Propostas de mellora.

DOCUMENTO PARA OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

I.- COMEZO DO CURSO.

Nas programacións incluirase un apartado dedicado á competencia lectora sinalando as actividades (temporalizadas) para fomentar devandita competencia, o tempo dedicado á lectura diaria, as prácticas de comprensión e de fomento da lectura e da escritura e os obxectivos que se pretenden neste campo.

II.- REMATE DO CURSO.

1.- Avaliación do proxecto lector.

	Valoración E.S.O.			
	1º	2º	3º	4º
1. Grao de consecución dos obxectivos iniciais				
2. Adecuación das actividades aos obxectivos propostos				
3. Grao de cumprimento do fomento da lectura				
4. Grao de satisfacción na realización ou participación en actividades propostas no plan lector				

Valoración	**MA**= Moi Alta (máis do 80%)	**A**= Alta (60%-80%)	**M**= Media 40%-60 %)	**B**=Baixa (menos do 40%)

2.- Avaliación da competencia lectora.

	Número de alumnos/as															
	1º E.S.O.				2º E.S.O.				3º E.S.O.				4º E.S.O.			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
Número total de alumnado en cada grupo																
Indicar o número de alumnos/as no que é satisfactoria:																
1.- Lectura expresiva																
2.- Comprensión lectora																
3.- Expresión oral																
4.- Expresión escrita																
5.- Autonomía na busca de información																
6.- Actitude do alumnado ante a lectura																
7.- Progresión nas competencias básicas no ámbito lector																

3. Observacións (avances ou dificultades):

.....
.....
.....
.....

4.- Suxestións:.....
.....
.....

RESPONSABLE DA BIBLIOTECA

I.- COMEZO DO CURSO.

Programación dos obxectivos, actividades (temporalizadas) e actuacións previstas para adquisicións de fondos e organización de espazos físicos.

II.- REMATE DO CURSO.

1.- Estatísticas préstamos de libros.

2.- Grao de cumprimento das actividades programadas e nivel de participación nelas.

3.- Melloras na adquisición e organización de espazos físicos e fondos documentais.

4.- Dispoñibilidade de profesorado con dedicación dun horario suficiente.

5.- Avance na utilización das novas tecnoloxías.

6.- Mellora da capacidade dos usuarios para a localización e uso dos recursos.

7.- Valoración do uso biblioteca.

COORDINADOR/A DO CLUB DE LECTURA

I.- COMEZO DO CURSO.

O responsable do club de lectura deberá facer unha programación na que incluirá: obxectivos, actividades (temporalizadas), materiais a utilizar e procedementos.

II.- REMATE DO CURSO.

Realizarase unha breve memoria onde se recolla:

- O grao de consecución dos obxectivos programados.
- Valoración dos resultados obtidos:
    - Índices de lectura.
    - Avances na competencia literaria.
    - Avances na comprensión lectora.
    - Actitude ante a lectura.
- Materiais elaborados.
- Propostas de melloras e cambios.